FERROL RECUPERANDO A MEMORIA

80 ANOS DA PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA

75 ANIVERSARIO DO GOLPE DE ESTADO

"a verdade nunha man pechada"



Concello de Ferrol

Ferrol recuperando a memoria

Cúmprense 80 anos da proclamación da II República e 75 anos do golpe de estado de 1936. A cinco anos de República seguíronlle tres de cruel guerra e corenta de ditadura, unha longa noite de pedra sen liberdade e de silenzos impostos que esmagaron o abrollar da ilusión colectiva e deixaron unha fonda pegada na nosa sociedade.

Van máis de 30 anos desde que volvemos ter democracia, a partir dun proceso de transición baseado na ausencia de políticas de reparación e na amnistía. A recuperación da memoria da guerra e da ditadura tivo nos últimos anos un pulo importante. Investigadores, familiares, asociacións e entidades sacaron á luz, repararon e difundiron a memoria das vítimas. O recordo e recoñecemento está presente na rúa, nos medios de comunicación e nas institucións. O parlamento aprobou a Lei de Memoria Histórica de obrigado cumprimento por todas as institucións.

Este proceso rompeu coa dinámica de silenzo e esquecemento na que estaba instalada a nosa sociedade, e derivou en profundos debates sociais que hoxe están enriba da mesa: necesidade de políticas de memoria, levantamento de foxas, recoñecemento e homenaxe ás vítimas, necesidade de investigación e acceso á documentación, xustiza social e xustiza universal, entre as máis relevantes.

"A verdade nunha man pechada. Ferrol recuperando a memoria" está construído colectivamente, impulsado polo Concello de Ferrol a través das Concellerías de Cultura e de Benestar Social e Muller, e co-organizado coa Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática e coa Asociación Cultural Fuco-Buxán. A colaboración doutras entidades sociais e investigadores, dos relatores e creadores, fan posible que este proxecto vaia adiante.

15 de abril de 1931. Manifestación de apoio á proclamación da república, diante de Capitanía



Muller e memoria



Alegoría da República

Durante a II República as mulleres acadan o dereito ao voto, ao traballo e á independencia económica, e a desempeñar, por vez primeira, empregos e cargos públicos.

Ese período trouxo dereitos civís como o divorcio, o matrimonio civil e algo máis tarde a legalización parcial do aborto, entre outros. Estes avances, que supuñan unha gran esperanza no camiño cara á igualdade, truncáronse de xeito radical durante a ditadura. Tardáronse 40 anos en volver a conquistalos. Neses tempos, as mulleres, todas, son vítimas do franquismo, pola ruptura do principio de que todos somos iguais ante a lei.



Amada García. Fusilada en San Felipe no 1938

No Concello de Ferrol somos conscientes da necesidade de facer un esforzo adicional na recuperación da historia das mulleres, de introducilas na investigación histórica e na súa difusión, e en promover o coñecemento e recoñecemento dos seus feitos e realidades. De aí que neste programa dedicado á memoria histórica a muller estea presente con entidade propia. Trátase de abrir camiños, de reflexionar sobre o pasado que nos trouxo ate aquí, e de continuar neste permanente proceso en construción que é a igualdade.

Programa Memoria de muller

Proxección do documental
"Señora de" de Patricia Ferreira



Fotograma do documental

Martes 29 de marzo
19:30 h
Fundación NovaCaixaGalicia

Coa participación de:
Ana Mª Blanco, Romana S. Luís, e Filomena Fraga, protagonistas do documental.

Guadalupe Lloves, entrevistadora e representante da produtora *O Raio Verde.*

Conduce:
Carme Blanco, profesora de Literatura Galega na USC e escritora.

'Señora de' amosa as testemuñas de varias xeracións de mulleres ás que a historia nin siquera lles permitíu soñar. O único que puideron facer foi resignarse e aceptar que naceron noutra época na que as súas voces, os seus desexos e mesmo os seus pensamentos foron silenciados. Mulleres da cidade e do campo, do mar e da terra adentro, que se enfrontan aos seus recordos e falan por primeira vez do que foi a súa vida, de hábitos hoxe intolerables na sociedade occidental, pero que constituían a vida das mulleres na historia recente de Galicia e España"

Mesa redonda
"Muller e memoria"

Mércores 30 de marzo
19:30 h
Fundación NovaCaixaGalicia

Coa participación de:
Aurora Marco. Catedrática de Didáctica da Lingua e a Literatura Galega da USC. Autora de investigacións sobre as mulleres guerrilleiras e exiliadas en Galicia. Autora do libro *Mulleres na guerrilla antifranquista galega.*

Mary Nash. Catedrática de Historia Contemporánea na Universitat de Barcelona. Presidenta e Fundadora da Asociación Española de Investigación en Historia das Mulleres.

María Jesús Souto Blanco. Doutora en Historia Contemporánea na USC. Coordinadora do Proxecto interuniversitario "Nomes e Voces". Especializada no estudo da represión franquista.


C. FOLGAR
Nueva huelga
de vientres
Precio: 15 céntimos

Unha das primeiras publicacións sobre contracepción chegadas ao país

Modera:
Sari Alabau,
profesora e concelleira de Esquerda Unida no Concello de Ferrol.

Programa xeral

Mesas redondas

Sempre na Fundación NovaCaixaGalicia, ás 19:30 h

"O contexto actual no proceso de recuperación da memoria"

Martes, 5 de abril

Coa participación de:
Carlos Agüero. Investigador en filosofía do CSIC. Coordinador da Oficina Non Gubernamental de atención ás vítimas da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH).

Lourenzo Fernández Prieto. Catedrático de Historia Contemporánea da USC. Dirixe o Proxecto de investigación "Nomes e Voces", e é o investigador principal en varios proxectos sobre o franquismo.

Xosé Lois Vilar. Historiador e arqueólogo. Instituto de Estudos Miñoranos.

Modera:
Virxinia Salvo, xornalista.

"Memoria e Democracia"

Mércores, 6 de abril

Coa participación de:
José Antonio Martín Pallín. Maxistrado emérito do Tribunal Supremo. Colaborador de Amnistía Internacional e da Comisión Internacional de Xuristas en misións de investigación sobre dereitos humanos. Premio Nacional de Dereitos Humanos en 2006.

Carlos Teijo García. Profesor de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da USC.

Susana Alaniz. Uruguaia afincada en Ferrol. Colaboradora das asociacións "Madres y Familiares de Presos Políticos" e de "Madres y Familiares de Detenidos y Desaparecidos" de Uruguai.

Modera:
Carmen Fernández Casanova ,Catedrática de Historia Contemporánea da UDC

"A recuperación da memoria en Ferrol"

Xoves, 7 de abril

Coa participación de:
Enrique Barrera. Profesor, investigador da historia de Ferrol durante a II República, a ditadura e a transición.

Eliseo Fernández. Investigador especializado na historia do movemento obreiro e do anarquismo en Ferrol e Galicia.

Bernardo Maíz. Doutor en Historia Contemporánea, catedrático de Ensino Medio. Investigador da historia de Ferrol e Galicia durante a República e a ditadura.

Manuela Santalla. Profesora, doutora en Xeografia e Historia. Investigadora da historia de distintos movementos sociais de Ferrol no XVIII, XIX e XX.

Xosé Manuel Suárez. Mestre e Doutor en Xeografía e Historia. Investigador da historia de Ferrol durante a Guerra Civil e a ditadura.

Modera:
Guillermo Llorca. Profesor e historiador.

Teatro

Sempre ás 20:30 h no Teatro Jofre

Tertulia sobre a obra "Memoria de Helena e María" de Teatro do Atlántico
(Asociación de Amigos do Teatro Jofre)
Xoves, 31 de marzo



Memoria de Helena e María
Teatro do Atlántico
(Rede Galega de Teatros e Auditorios)
Venres 1 e sábado 2 de abril



Santa Perpetua
Producciones Micomicón
Escrita e dirixida por Laila Ripoll
Venres 8 de abril

Cine

Cines Dúplex Ferrol ás 20:30 h
Ciclo Primavera de cine

A vella memoria, de Jaime Camino
Mércores 13 de abril

L´espoir (Serra de Teruel)
de Andreé Malraux
Mércores 20 de abril

Cancións para despois dunha guerra, de Basilio Martín Patiño
Mércores 27 de abril

Música

Sempre
Pilocha
Teatro Jofre, sábado 9 de abril ás 20:30 h



Con: **Xavier Constenla**, piano
e **Xurxo Varela**, guitarra, viola da gamba



Músicas populares da guerra civil
Brigada Bravo&Díaz
14 de abril. Capela do Centro Torrente Ballester ás 22:00 h *(Ciclo Novas Noites)*

Antonio Bravo, guitarras e
Germán Díaz, zanfona, caixa de música

Acto Cívico

18:30 h, Cemiterio de Serantes
Asociación Memoria Histórica Democrática

Ofrenda floral, en lembranza e homenaxe a todas as víctimas da dictadura franquista
Xoves 14 de abril

FERROL RECUPERANDO A MEMORIA

80 ANOS DA PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA

75 ANIVERSARIO DO GOLPE DE ESTADO



Xaime Quintanilla
Alcalde desde 1931 a outubro do 34.
Fusilado en S. Felipe, agosto do 36.



Segundo Cotovad
Alcalde desde outubro do 34
a febreiro de 1936.



Antonio Santamaría
Alcalde desde febreiro de 1936.
Ten que fuxir e morre no exilio.



Alejandro Porto Leis
Alcalde de Serantes desde 1931.
Paseado en agosto do 38.

a ver

O lema **"a verdade nunha man pechada"** recóllese dun verso do poema "Mariñeiro fusilado", publicado en Nova Galiza (Barcelona) no 1937 polo poeta ferrolán Ernesto Guerra da Cal. No orixinal aparece escrito do seguinte xeito:
"... a Verdade n'unha man pechada".

A imaxe de fondo é unha fotografía da manifestación popular do 15 de abril de 1931, celebrando a proclamación da República





Francisco Iturralde Cabeza de Vaca
Oficial de Telégrafos. Simpatizante anarquista. Impulsor da Escola Racionalista de Ferrol. Foi paseado en 1936 con 40 anos de idade.

Arriba: antiga casa do Concello nos Cantóns de Molíns. Era a sede municipal cando a proclamación da II República.





José López Bouza
Militante republicano. Gobernador de Lugo e Ourense. Presidiu a Deputación da Coruña. Presidente da Comisión de entrega do Estatuto. Fusilado no 36.





Matías Usero Torrente
Crego e escritor. Afiliado ao PSOE e despois a Unión Republicana. Autor de numerosos libros de temática relixiosa. Fusilado en agosto do 36.



Centro Obrero de Cultura
Con máis de 10.000 volumes na súa biblioteca, chegou a ser a sociedade cultural máis importante na II República. O seu derradeiro presidente, José A. García foi fusilado.

Na ilustración, regulamento, chapa e carimbo do Centro








Toxos e Flores
Na República convertéronse en embaixadores da cultura galega. *Na fotografía, recepción no Concello de Oviedo.*

Esquerda: Etiqueta do disco da primeira gravación do Himno. Foi realizada polo Coro.



Panfleto da candidatura da Frente Popular en 1936



Sindicalismo
Ferrol foi con Vigo unha das cidades galegas onde maior forza tiveron os sindicatos. A UGT contaba con máis de 6.000 afiliados. O outro sindicato, a CNT, contaba cunha influencia menor.

Arriba, carnet dun afiliado á CNT



Portada dos estatutos da UGT



Presos do 34 en San Felipe

Na ilustración, dereita, partido de fútbol a prol dos presos, e anuncio dun mitin do Partido Socialista.



Revolución de 1934.
Os sucesos de outubro do 34, ademais de decisións gubernamentais, como o cese do Alcalde Quintanilla, xeraron un movemento de solidaridade na esquerda ferrolá.



Muller
A República supuxo un salto cara adiante nos dereitos das mulleres, grazas a unha lexislación progresista e a novas políticas educativas e culturais. Este proceso cortouse bruscamente co levantamento militar. Mulleres de diversas sensibilidades pagaron un alto prezo pola súa participación activa. Entre elas, Amada García ***(na fotografía)***, militante comunista, fusilada en 1938, e Josefa Gómez Mera, responsable da Sociedade de Descargadoras de Carbón de UGT e do Colectivo Feminino Socialista, paseada no 36.



Galeguismo
A reivindicación galega vén de tempo atrás, mais durante a República o galeguismo converteuse nun sentimento transversal a todas as organizacións progresistas.
Arriba, carteis dos ferroláns Camilo Díaz Valiño e José López Bouza (fillo do político de mesmo nome), a prol da aprobación do Estatuto do 36.





Educación
A República promoveu un ensino público laico, sen separación de sexos e obrigatorio nos primeiros niveis. Por lei, asignaselle á formación un carácter activo e creador.
Na foto, parella de nenos lendo libros da biblioteca itinerante das "Misiones Pedagógicas"

Militares do IV Rexemento de Artillería de costa preparados para a sublevación





Á esquerda, mariñeiros sublevados frente a mandos que apoiaban o golpe militar

Golpe de estado e terror

O 18 de xullo do 36 Franco e outros militares sublévanse contra a República. En Ferrol a guerra case non existiu. Os golpistas toman axiña o poder e impoñen a represión e o terror. Sucédense os fusilamentos e os paseos.



O Castelo de San Felipe entre outros na comarca, foi lugar de fusilamentos. *Na ilustración da esquerda, croquis do lugar onde se colocaban os asasinados, as familias, o xuíz e xefes militares. É un debuxo publicado en Arxentina nun xornal da colectividade galega republicana no 1954*



El Ferrol del Caudillo.

Tanta alegría e ilusión quedan truncados ata moitos anos despois. Boa parte da sociedade máis culta e dinámica desaparece entre exilios, paseos, cárceres e fusilamentos. A nosa cidade, progresista, democrática e republicana, cambiou de tal xeito que ata lle puxeron o sobrenome do dictador.

Á esquerda portada do semanario falanxista "Fotos". dando conta da visita a Ferrol de Ramón Serrano Súñer, ministro do Interior





Arriba, bandeiriña cosida na casaca dun guerrilleiro

Guerrilleiros da III Agrupación do Exercito Guerrilleiro de Galicia.

Abaixo á esquerda, bandeirín das Milicias Populares Galegas



A loita pola liberdade.

Nunca se deixou de loitar contra o golpe e o novo réxime. No exilio, na guerrilla, coa recuperación das organizacións políticas e sindicais, na solidaridade soterrada, na clandestinidade, unha boa parte da sociedade ferrolá seguiu pelexando nestes longos anos escuros.
A recuperación das liberdades que hoxe vivimos débese en grande medida á adicación e o esforzo destas mulleres e destes homes que levaron a verdade na súa man

Os organizadores queremos agradecer a colaboración de todas as persoas e entidades que participan nesta inciativa, e expresamente, polas súas achegas, a de:
Eliseo Fernández
Bernardo Máiz
Xosé Manuel Suárez
Rodrigo Ramos Ardá
Susana García
Carme Vidal
Manuela Santalla
Diario de Ferrol
Asociación de Amigos do Teatro Jofre
Axente Cultural
Novas Noites-Axencia Rum Rum
Asociación Cultural Lefre de Caldereta
Ateneo Ferrolán

Producción:
Fina Casal, coordinación e comisariado
Lois Rodríguez, deseño gráfico

Colaboran:

novacaixagalicia

Nomes e voces
Proxecto interuniversitario

Organizan:

Memoria Histórica Democrática

fucobuxán
Asociación Cultural

Concello de Ferrol